

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de abril de 2026**

Ás 18.06 horas do día 22 de abril de 2026, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Francisco Lorenzo López

Deputado non adscrito:

D. Xosé Carlos Valcárcel Doval

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a M.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 18 DE MARZO DE 2026 (EXP. Nº 2026/24V/CI).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de marzo de 2026.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 18 de marzo de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, realiza o rogo de que a institución provincial, tal e como establece a normativa aplicable, empregue o galego como o seu idioma preferente, tanto para documentos internos, como para servizos externos. Pon como exemplo unha circular interna remitida a todo o persoal no día de onte relativa ao sistema de control de presenza, redactada unicamente en castelán, ou a intranet provincial, tamén dispoñible unicamente en castelán.

A Presidencia toma nota do rogo formulado.

Dª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, pregunta se neste exercicio se vai a ampliar o crédito para o concurso público para o fomento das actividades escénicas e musicais para o ano 2026, o cal se atopa suspendido por esgotarse o crédito.

O **presidente** contesta que o crédito foi o mesmo que na anualidade anterior, e que en principio non se vai a ampliar, e que a diferenza radica en que este ano os beneficiarios fixeron as solicitudes para todo o ano xuntas nos primeiros días, de aí que o crédito se esgotase antes.

Dª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, pregunta en que estadio está o compromiso adquirido por esta Deputación respecto ao fondo documental da entidade Amigos da República consistente na conservación do material do seu arquivo, a súa dixitalización e posta en valor.

O **presidente** contesta que non ten información neste intre polo que se remitirá contestación por escrito.

E, ás 18.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

